

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

10428 Orde ARM/1671/2009, do 16 de xuño, pola que se modifican os anexos I, II, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2009/7/CE da Comisión, do 10 de febreiro de 2009, pola que se modifican os anexos I, II, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, estableceu unha modificación no réxime fitosanitario aplicable á entrada e circulación de determinados vexetais e produtos vexetais na Comunidade. Procede, por tanto, a súa incorporación ao noso ordenamento a través da correspondente modificación dos anexos I, II, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para adaptar os seus anexos ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, II, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

Os anexos I, II, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedan modificados como segue:

Un. No anexo I, a parte A queda modificada do seguinte xeito:

a) Na sección I, letra a):

1.º O seguinte punto 10.0 insírese tras o punto 10:

«10.0 *Dendrolimus sibiricus* Tschetverikov.»

2.º O punto 10.4 substitúese polo texto seguinte:

«10.4 *Diabrotica virgifera zea* Krysan & Smith.»

3.º O seguinte punto 19.1 insírese tras o punto 19:

«19.1 *Rhynchophorus palmarum* (L.).»

b) Na sección II, letra a), o seguinte punto 0.1 insírese antes do punto 1:

«0.1 *Diabrotica virgifera virgifera* Le Conte.»

Dous. No anexo II, a parte A queda modificada como segue:

a) Na sección I, letra a):

1.º O seguinte punto 1.1 insírese tras o punto 1:

«1.1 <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire	Vexetais destinados á plantación, agás os vexetais en cultivo de tecidos e as sementes, madeira e casca de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch., <i>Ulmus parvifolia</i> Jacq., e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc, orixinarios de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA.»
---	---

2.º O punto 24 queda sen contido.

3.º O seguinte punto 28.1 insírese tras o punto 28:

«28.1 <i>Scrobipalopsis solanivora</i> Povolny	Tubérculos de <i>Solanum tuberosum</i> L.»;
--	---

b) Na sección I, letra c), o seguinte punto 14.1 insírese tras o punto 14:

«14.1 <i>Stegophora ulmea</i> (Schweinitz: Fries) Sydow & Sydow	Vexetais de <i>Ulmus</i> L. e <i>Zelkova</i> L., destinados á plantación, agás as sementes.»
---	--

c) Na sección I, letra d), o seguinte punto 5.1 insírese tras o punto 5:

«5.1 <i>Chrysanthemum stem necrosis</i> virus	Vexetais de <i>Dendranthema</i> (DC.) Deas Moul. e <i>Lycopersicon lycopersicum</i> (L.) Karsten ex Farw., destinados á plantación, agás as sementes.»;
---	---

d) Na sección II, letra a):

1.º O seguinte punto 6.3 insírese tras o punto 6.2:

«6.3 <i>Parasaissetia nigra</i> (Nietner)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, agás os froitos e sementes.»
---	---

2.º O seguinte punto 10 insírese tras o punto 9:

«10. <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister)	Vexetais de <i>Palmae</i> , destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: <i>Brahea</i> Mart., <i>Butia</i> Becc., <i>Chamaerops</i> L., <i>Jubaea Kunth</i> , <i>Livistona</i> R. Br., <i>Phoenix</i> L., <i>Sabal</i> Adans., <i>Syagrus</i> Mart., <i>Trachycarpus</i> H. Wendl., <i>Trithrinax</i> Mart. e <i>Washingtonia</i> Raf.».
---	--

Tres. No anexo IV, a parte A, sección I, queda modificada como segue:

a) Os seguintes puntos 2.3, 2.4 e 2.5 insírense tras o punto 2.2:

<p>«2.3 Estea ou non incluída nos códigos NC do anexo V, parte B, madeira de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch., <i>Ulmus parvifolia</i> Jacq., e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc, que non sexa madeira en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> – labras, obtidas na súa totalidade ou en parte desas árbores, – embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e outras plataformas de carga, colariños para palés, utilizados para o transporte de mercadorías de todo tipo, – madeira para calzar ou soportar carga que non sexa de madeira, pero incluída a madeira que non conserve a súa superficie redonda natural, orixinaria de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e os Estados Unidos de América. 	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) É orixinaria dunha zona declarada polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación exenta de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou b) está escuadrada de xeito que perdeu completamente a superficie arredondada.
<p>2.4 Estea ou non incluída nos códigos NC do anexo V, parte B, madeira en forma de labras, obtidas na súa totalidade ou en parte de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch., <i>Ulmus parvifolia</i> Jacq., e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc, orixinaria de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA.</p>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) É orixinaria dunha zona declarada polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación exenta de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou b) foi tratada en anacos de espesura e largo igual ou inferior a 2,5 cm.
<p>2.5 Casca illada de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch., <i>Ulmus parvifolia</i> Jacq., e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc., orixinaria de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA.</p>	<p>Declaración oficial de que a casca illada:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) É orixinaria dunha zona declarada polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación exenta de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou b) foi tratada en anacos de espesura e largo igual ou inferior a 2,5 cm.»

b) O seguinte punto 11.4 engádese tras o punto 11.3:

<p>«11.4 Vexetais de <i>Fraxinus</i> L., <i>Juglans mandshurica</i> Maxim., <i>Ulmus davidiana</i> Planch., <i>Ulmus parvifolia</i> Jacq., e <i>Pterocarya rhoifolia</i> Siebold & Zucc., destinados á plantación, agás as sementes e os vexetais en cultivo de tecidos, orixinarios de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA.</p>	<p>Declaración oficial de que os vexetais:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Foron cultivados en todo momento nunha zona declarada exenta de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou b) durante un período de polo menos dous anos antes da exportación foron cultivados nun lugar de produción en que non se observaron signos de <i>Agrilus planipennis</i> Fairmaire no curso de dúas inspeccións oficiais anuais realizadas nas épocas adecuadas, incluído inmediatamente antes da súa exportación.»;
--	---

c) O texto na columna da dereita do punto 14 substitúese polo seguinte: «Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais citados no anexo IV, parte A, sección I, punto 11.4, declaración oficial de que non se observaron síntomas de *Elm phloem necrosis*

mycoplasma na parcela de produción nin nas inmediacións desde o comezo do último ciclo completo de vexetación.»

d) Os seguintes puntos 25.4.1 e 25.4.2 engádense tras o punto 25.4:

«25.4.1 Tubérculos de <i>Solanum tuberosum</i> L., agás os destinados á plantación	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos tubérculos enumerados no anexo III, parte A, punto 12, e no anexo IV, parte A, sección I, puntos 25.1, 25.2 e 25.3, declaración oficial de que os tubérculos son orixinarios de zonas onde non se ten constancia da existencia de <i>Pseudomonas solanacearum</i> (Smith) Smith.
25.4.2 Tubérculos de <i>Solanum tuberosum</i> L.	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos tubérculos enumerados no anexo III, parte A, puntos 10, 11 e 12, e no anexo IV, parte A, sección I, puntos 25.1, 25.2, 25.3, 25.4 e 25.4.1, declaración oficial de que: a) os tubérculos son orixinarios dun país onde non se ten constancia da existencia de <i>Scrobipalopsis solanivora</i> Povolny, ou b) os tubérculos son orixinarios dunha zona declarada polo servizo fitosanitario nacional exenta de <i>Scrobipalopsis solanivora</i> Povolny conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes.»;

e) Queda sen contido o punto 25.8.

f) O seguinte punto 28.1 engádese tras o punto 28:

«28.1 Vexetais de <i>Dendranthema</i> (DC.) Deas Moul. e <i>Lycopersicon lycopersicum</i> (L.) Karsten ex Farw., destinados á plantación, agás as sementes	Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais enumerados no anexo III, parte A, punto 13, e no anexo IV, parte A, sección I, puntos 25.5, 25.6, 25.7, 27.1, 27.2 e 28, declaración oficial de que: a) Os vexetais foron cultivados en todo momento nun país exento de <i>Chrysanthemum stem necrosis virus</i> , ou b) os vexetais foron cultivados en todo momento nunha zona declarada polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación exenta de <i>Chrysanthemum stem necrosis virus</i> conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou c) os vexetais foron cultivados en todo momento nun lugar de produción declarado exento de <i>Chrysanthemum stem necrosis virus</i> comprobado mediante inspeccións oficiais e, se proceder, mediante ensaios.».
--	--

g) O seguinte punto 37.1 insírese tras o punto 37:

<p>«37.1 Vexetais de <i>Palmae</i>, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: <i>Brahea</i> Mart., <i>Butia</i> Becc., <i>Chamaerops</i> L., <i>Jubaea</i> Kunth, <i>Livistona</i> R. Br., <i>Phoenix</i> L., <i>Sabal</i> Adans., <i>Syagrus</i> Mart., <i>Trachycarpus</i> H. Wendl., <i>Trithrinax</i> Mart. e <i>Washingtonia</i> Raf.</p>	<p>Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais enumerados no anexo III, parte A, punto 17 e os requisitos do anexo IV, parte A, sección I, punto 37, declaración oficial de que os vexetais:</p> <p>a) Foron cultivados en todo momento nun país onde non se ten constancia da existencia de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister), ou</p> <p>b) foron cultivados en todo momento nunha zona declarada exenta de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou</p> <p>c) foron cultivadas, durante un período de polo menos dous anos antes da exportación, nun lugar de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - que está rexistrado e supervisado polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe, - onde os vexetais foron colocados nun sitio con completa protección física fronte á introdución de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) ou no cal se aplican tratamentos preventivos apropiados, e - onde non se observaron sinais da presenza de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) no curso de tres inspeccións oficiais anuais realizadas nas épocas adecuadas, incluído inmediatamente antes da súa exportación.».
---	--

Catro. No anexo IV, parte A, sección II, o seguinte punto 19.1 insírese tras o punto 19:

<p>«19.1 Vexetais de <i>Palmae</i>, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: <i>Brahea</i> Mart., <i>Butia</i> Becc., <i>Chamaerops</i> L., <i>Jubaea</i> Kunth, <i>Livistona</i> R. Br., <i>Phoenix</i> L., <i>Sabal</i> Adans., <i>Syagrus</i> Mart., <i>Trachycarpus</i> H. Wendl., <i>Trithrinax</i> Mart. e <i>Washingtonia</i> Raf.</p>	<p>Declaración oficial de que os vexetais:</p> <p>a) Foron cultivados en todo momento nunha zona declarada exenta de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, ou</p> <p>b) foron cultivados, durante un período de polo menos dous anos antes do traslado, nun lugar de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - que está rexistrado e supervisado polo organismo oficial responsable do país de orixe, e - onde os vexetais foron colocados nun sitio con completa protección física fronte á introdución de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) ou no cal se aplican tratamentos preventivos apropiados, e - onde non se observaron sinais da presenza de <i>Paysandisia archon</i> (Burmeister) no curso de tres inspeccións oficiais anuais realizadas nas épocas adecuadas.».
---	---

Cinco. O anexo V queda modificado como segue:

a) Na parte A, sección I, o seguinte punto 2.3.1 insírese despois do punto 2.3:

«2.3.1 Vexetais de *Palmae*, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: *Brahea* Mart., *Butia* Becc., *Chamaerops* L., *Jubaea* Kunth, *Livistona* R. Br., *Phoenix* L., *Sabal* Adans., *Syagrus* Mart., *Trachycarpus* H. Wendl., *Trithrinax* Mart. e *Washingtonia* Raf.».

b) A parte B, sección I, queda modificada como segue:

1.º No punto 5 engádese o terceiro guión seguinte:

«—*Fraxinus* L., *Juglans mandshurica* Maxim., *Ulmus davidiana* Planch., *Ulmus parvifolia* Jacq., e *Pterocarya rhoifolia* Siebold & Zucc., orixinaria de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA».

2.º No punto 6, letra a), engádese un novo guión co seguinte contido:

«—*Fraxinus* L., *Juglans mandshurica* Maxim., *Ulmus davidiana* Planch., *Ulmus parvifolia* Jacq., e *Pterocarya rhoifolia* Siebold & Zucc., incluída madeira que non conserve a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de Canadá, China, Xapón, Mongolia, República de Corea, Rusia, Taiwán e EUA».

3.º No punto 6, letra b), o texto da liña correspondente á designación «ex 4407 99» substitúese polo texto seguinte:

«ex 4407 93	Madeira de <i>Acer saccharum</i> Marsh, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesura superior a 6 mm
4407 95	Madeira de freixo (<i>Fraxinus</i> spp.), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesura superior a 6 mm
ex 4407 99	Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical recollida na nota de subpartida 1 do capítulo 44, ou outra madeira tropical, de carballo (<i>Quercus</i> spp.), faia (<i>Fagus</i> spp.), pradairo (<i>Acer</i> spp.), cerdeira (<i>Prunus</i> spp.) ou freixo (<i>Fraxinus</i> spp.)], serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, mesmo cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesura superior a 6 mm,»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/7/CE da Comisión, do 10 de febreiro de 2009, pola que se modifican os anexos I, II, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de xuño de 2009.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.